



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Cultura galega

Materia	Cultura galega			
Código	ODIEV01DIEH12005			
Titulación	Oferta de Materias Específicas de Departamentos para Alumnos ISEP, Erasmus e Visitantes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua de impartición	Filoloxía galega e latina			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Costas González, Xosé Henrique			
Profesorado	Costas González, Xosé Henrique			
Correo-e	xcostas@uvigo.es			
Web				
Descrición	Panorámica xeral histórica e actual da cultura galega: artes, historia, antropoloxía, música, paisaxe etc. xeral			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que o estudiantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudiantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudiantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
B10	Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
C13	Coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega/española.
C15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
C16	Coñecemento da historia dos países da Península Ibérica.
C24	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C30	Destreza para a procura de información/documentación
C34	Posuír unha ampla cultura
C42	Facilidade para as relacións humanas
C46	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C51	Formación universitaria específica
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D7	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.

D13	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D21	Razoamento crítico
D22	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D28	Adaptación a novas situacións
D29	Comprensión doutras culturas e costumes
D33	Sensibilidade co medio

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecementos básicos de:	A3	B2	C1	D3
	A4	B4	C12	D5
Historia, arte e arqueoloxía de Galicia.		B6	C13	D7
Xeografía, paisaxes e ecoloxía.		B9	C15	D11
Antropoloxía e etnografía de Galicia.		B10	C16	D13
Música, instrumentos e formacións musicais de Galicia.			C24	D21
Artes escénicas e audiovisuais galegas.			C30	D22
Lingua e literatura galegas.			C34	D28
			C42	D29
			C46	D33
			C51	

### Contidos

Tema	
1.- Historia, arte e arqueoloxía de Galicia	1.1. Breve historia: antiga, medieval, moderna. 1.2. Arqueoloxía: megalitos, castros, vilas, castelos. 1.3. Arte prerromana, romana, sueva, románica, gótica, barroca. Artes e arquitectura actuais.
2.- Xeografía, paisaxe e ecoloxía de Galicia	2.1. As costas, os vales, as montañas, os ríos. 2.2. Flora e fauna autóctonas. Ameazas ao medio. 2.3. A gastronomía de Galicia.
3.- Antropoloxía e etnografía de Galicia	3.1. Mitos, relixiosidade, maxia e encantamentos. 3.2. As festas anuais: entroido, maios, magostos... 3.3. Construcións e ferramentas tradicionais.
4.- Música, instrumentos e formacións musicais	4.1. Os instrumentos tradicionais galegos 4.2. Os coros, gaiteros, bandas e músicos actuais. 4.3. A música galega no medievo, no XIX e no XX.
5.- Artes escénicas e audiovisuais	5.1. Teatro galego. Historia e compañías. 5.2. O cinema galego: curtas, longas e documentais. 5.3. A danza tradicional e a danza moderna.
6.- Lingua e literatura galegas	6.1. Historia da lingua: formación e conformación. 6.2. Literatura galega: etapas e actualidade. 6.3. Lingua e sociedade na Galicia do século XXI

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	34	36	70
Saídas de estudo	0	20	20
Resolución de problemas de forma autónoma	6	24	30
Traballo tutelado	5	22	27
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Impartición dunha panorámica xeral de cada un dos subtemas con apoio de bibliografía, vídeos, mapas etc.
Saídas de estudo	Saídas guiadas ao Museo do Pobo Galego, a visitar castros, castelos, xacementos romanos, cidades medievais, paisaxes singulares, parques naturais etc.
Resolución de problemas de forma autónoma	Orientación para que o alumnado busque máis información fóra das aulas sobre o subtema (ou parte del) que máis lle interese.

Traballo tutelado	O alumnado fará un traballo comparativo entre un aspecto cultural concreto do seu país de orixe con outro aspecto que ache semellante da cultura galega.
-------------------	--

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Despois de cada hora de clase, o alumnado terá sempre despois horario de titoría onde o profesor estará ao seu dispor para lle ampliar detalles sobre o explicado na aula durante a lección maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	De acordo coa elección e preferencia do alumnado, o profesor encargarlle a pesquisa de toda a información en libros e vídeos sobre algún aspecto moi concreto da cultura galega e orientará os lugares e persoas que lle poden axudar ao alumnado a profundizar nese aspecto.
Traballo tutelado	O alumnado deberá entregar un traballo onde compare un aspecto moi concreto da cultura galega con outro aspecto semellante da súa cultura de orixe. O profesor estará ao seu dispor para lle axudar con todo tipo de dúbidas durante os horarios de titorías.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Lección maxistral	A asistencia ao 80% das aulas e visitas de estudos será cualificada.	10	A3 A4	B2 B4 B6 B9 B10	C1 C12 C13 C15 C16 C24 C30 C34 C42 C46 C51	D3 D5 D7 D11 D13 D21 D22 D28 D29 D33
Saídas de estudo	Visitas guiadas a centros culturais, históricos e paisaxísticos galegos. O alumnado deberá entregar un resumo do aprendido en cada visita. O resumo pode ser redactado en galego ou en inglés, español, portugués, inglés, sardo, occitano, francés, italiano ou catalán.	20	A3 A4	B2 B4 B6 B9 B10	C1 C12 C13 C15 C16 C24 C30 C34 C42 C46 C51	D3 D5 D7 D11 D13 D21 D22 D28 D29 D33
Resolución de problemas de forma autónoma	Ser capaz de profundizar nun tema coas orientacións proporcionadas polo profesor.	15	A3 A4	B6 B9 B10	C15 C16 C24 C30 C34 C46 C51	D7 D11 D13
Traballo tutelado	Ser capaz de comparar a cultura propia coa cultura galega.	30	A3 A4	B6 B9 B10	C15 C16 C24 C30 C34 C42 C46 C51	D7 D11 D13

Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba de coñecemento sobre os contidos xerais vistos nas leccións maxistrals.	25	A3 A4	B2 B4 B6 B9 B10	C1 C12 C13 C15 C16 C24 C30 C34 C42 C46 C51	D3 D5 D7 D11 D13 D21 D22 D28 D29 D33
---------------------------------------	---	----	----------	-----------------------------	--	---

---

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os traballos e probas escritas poden ser redactados en galego ou en inglés, español, portugués, asturiano, aragonés, mirandés, sardo, occitano, francés, italiano ou catalán.

---

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

#### Bibliografía Complementaria

Anselmo López Carreira, **Historia de Galicia**, Xerais, 2013

Francisco Calo Lourido, **Os celtas. Unha revisión desde Galicia**, Xerais, 2010

Anselmo López Carreira, **O reino medieval de Galicia**, A Nosa Terra, 2005

Rafael Quintía Pereira, **Heichas contar. Contribución ao corpus mitolóxico galego**, Ab Oríxine, 2019

Francisco Calo Lourido, **A Galicia castrexa**, A Nosa Terra, 1993

Rafael Quintía Pereira, **A moura que creou o mundo. O mito galego da creación.**, Ab Oríxine, 2020

Rafael Quintía Pereira, **Pola graza de Deus. A relixiosidade popular en Galicia**, Museo Etno. Casa do Patrón, 2022

Pilar Alén, **Historia da música galega**, A Nosa Terra, 1997

Pablo Carpintero Arias, **Instrumentos tradicionais galegos**, Difusora de Artes, Letras e Ideas, 2009

Isidro Bango Torviso, **Galicia románica**, Galaxia, 1987

Carlos López Bernárdez, **Breve historia da arte galega**, Nigra Tea, 2003

Manuel Vilar Álvarez, **Historia da arte galega (I)**, A Nosa Terra, 1998

---

### Recomendacións

---

#### Outros comentarios

Recoméndase a asistencia ás clases, ás titorías e ás visitas culturais.